CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Deputación DA CORUÑA

EMPRESA
A iniciativa ‘Mercar no teu comercio ten premio’ repartirá 1.000 euros en premios P5

MELIDE
O 5º contedor chega ao municipio para a recollida selectiva da materia orgánica P13

LECER
Creación da Asociación Terra de Melide Padel Academy P19

ENTREVISTA

María Sánchez, Mercería Marvi P23

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVII - Nº 201. Novembro 2022. Distribución gratuíta

ASETEM e a Deputación reúnense para buscar unha solución á falta de solo industrial na vila

Varios membros da directiva e empresarios asociados a ASETEM - CCA mantiveron unha reunión de traballo co presidente da Deputación da Coruña para buscar unha solución á falta de solo industrial no municipio. Unha necesidade, prioritaria para o sector empresarial, que urxe resolver para poder crecer como pobo e que novas empresas fixen as súas sedes en Melide. Pola súa banda, Formoso compartiu a necesidade de dotar a vila de solo industrial. P3

“A creación da Asociación Catasol foi todo un reto”

A Asociación de Mulleres, Consumidores e Usuarios Catasol cumpre 30 anos polo que entrevistamos a súa presidenta, Mari Carmen Vázquez para facer un repaso pola historia desta entidade. P14

A Coral Polifónica organiza a XXXII Semana da Música

A Coral Polifónica da vila organiza a trixésima segunda Semana da Música de Melide, unha edición moi especial cunha programación moi variada e en lembranza de Javier Rodríguez Pampín. P21

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Tribuna de opinión

Falando de impostos

Xunta Directiva de ASETEM - CCA

O tema de debate por excelencia durante estas semanas é o dos impostos. O Goberno do Estado confirmou que o novo imposto de solidariedade sobre as grandes fortunas entrará en vigor antes do 31 de decembro co obxectivo de que o primeiro pago se realice en xuño de 2023 sobre o patrimonio declarado en 2022. A isto hai que sumarlle o imposto que gravará un 1,2% dos ingresos das compañías eléctricas e no caso das entidades bancarias será dun 4,8% para as que superen os 800 millóns.

Viñeta sobre os impostos ás persoas máis ricas. / Foto: Ferrán Humor

Estes novos impostos xorden nun momento no que as grandes fortunas son cada vez máis ricos e no que as eléctricas e a banca non deixan de medran en canto a beneficios. De feito, o banco Sabadell elevou o seu beneficio un 78,1% ata o mes de xuño. Parece lóxico neste contexto de inflación, no que gran parte da veciñanza ten dificultades para chegar a fin de mes a pesares de ter un traballo e cun 25% da poboación en Galicia no umbral da pobreza, é razoable que sexan estas grandes fortunas e compañías as que fagan un esforzo económico.

O que non parece lóxico é que un pequeno empresario ou empresaria, un autónomo ou unha traballadora asalariada paguen, en proporción ao beneficios, máis impostos que unha destas grandes fortunas. A desaparición da clase media xa é un feito, nestes intres as clases baixas teñen cada vez menor poder adquisitivo e as altas e moi altas teñen o saco máis cheo que nunca de fortuna.

É hora de axudar aos máis necesitados e para iso non se pode poñer bonificacións ou descontos a toda a poboación por igual. Por exemplo, na bonificación aos combustibles non é razoable que unha persoa que cobre 3.000 euros ao mes teña o mesmo desconto que unha que cobra o salario mínimo interprofesional. Con isto o único que conseguimos e perpetuar esta corrente de ricos cada vez máis ricos e pobres cada día máis pobres.

O sistema necesita cambios para que sexa xusto socialmente pero estes cambios teñen que vir de arriba a abaixo senón é imposible. O estado de benestar é máis necesario que nunca e para mantelo vivo e nunhas boas condicións son imprescindibles os impostos.

Editorial

As tradicións e a globalización

Os Xenerais do Ulla, unha tradición das comarcas do Ulla. / Foto: Xurxo Lobato

A Real Academia Galega define tradición como "conxunto de usos e costumes antigos propios dun pobo, transmitidos de xeración en xeración e o mesmo feito de seren transmitidos". No mundo actual, onde a globalización reina e provoca que as tradicións dun pequeno pobo cheguen a outra punta do planeta parece complicado non verse influenciada por outras culturas.

A globalización permite, por unha banda, coñecer e aprender sobre tradicións de moitas partes do mundo pero, pola outra banda, tamén dilúe a personalidade e esencia destas culturas.

Como sociedade temos o deber de conservar as tradicións e costumes dos nosos ancestros porque pertence ao noso ser, a nosa identidade como pobo. En Galiza temos a sorte de contar con multitude de tradicións que foron pasando de pais e nais a fillos e fillas como son, por exemplo: o entroido, a noite de San Xoán, o magosto ou as foliadas. Eventos culturais que unen e comparten persoas de todas as idades e onde se fai comunidade.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Latexo Logopedia, CEIP de Arcediago e Vanesa de Quinzán
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....11
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER.....19
- COLABORACIÓNS.....22
- ENTREVISTA.....23

ASETEM e a Deputación da Coruña reúnense para buscar unha solución á falta de solo industrial no municipio

Algúns directivos e socios de ASETEM - CCA na reunión co presidente da Deputación e un deputado. / Foto: Cerne

O presidente da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide, Manuel Vázquez; o vicepresidente, Rodrigo Fernández; o tesoureiro, Jose Valiño; a xerente, Pilar López, e os socios de Construcións Espiño e Canteiras Richinol mantiveron unha xuntanza de traballo o pasado 17 de outubro co presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, e os deputados, Antonio Leira e Bernardo Fernández. Por parte do Concello de Melide acudiron o tenente alcalde, José Prado, e a concelleira de educación, María Jesús Iglesias.

Nesta reunión trataron-se diversos temas relacionados co sector empresarial da comarca, o máis importante de todos: a necesidade de ampliar o solo industrial no municipio. Dende a entidade asociativa fixeron fincapé na importancia de dotar a vila de máis solo industrial para que medre o pobo e as empresas asentadas nel, para isto solicitáronlle ao presidente da Deputación da Coruña axuda para desatascar a situación existente con respecto a desafectación do LIC da zona do Polígono da Madanela, protexido pola figura da Rede Natura. Formoso comparti u a urxencia e necesidade de dotar a Melide de maior solo industrial "para que non se produza unha fuga de empresas e para que poida haber oportunidades de xeración de emprego".

Os socios e socias de ASETEM levan anos esperando unha solución ante a falta de solo empresarial na vila, polo que nesta xuntanza se decidiu solicitar un informe xurídico independente para que sexa un experto, sen intereses políticos nin doutra índole, o que analice e estude se a desafectación do LIC da zona do Polígono da Madanela é ou non posible. Dado que é esta ferramenta de protección a que non permite ampliar esta zona industrial. O presidente da asociación empresarial da comarca fixo fincapé en que "a mellor fórmula é a ampliación do polígono que hai pero, de non poder facelo aí, hai que executalo noutro lugar canto antes porque as empresas non van vir para Melide mentres non teñan solo industrial onde poder instalarse".

O presidente da Deputación expresou o seu compromiso de que esta Administración provincial "implicarase, na medida en que as nosas competencias o permitan, no desenvolvemento dunha localidade que é capital comarcal, que ten moito dinamismo económico, moita presenza de autónomos e de empresas de certo calibre", así como que "buscaremos alternativas, intensificaremos co SEPE a concreción do desenvolvemento de solo industrial pero dá igual quen o promova, o importante é que se faga canto antes mellor".

Por outra banda, o tenente alcalde do Concello de Melide, fixo referencia a que "a Xunta foi extremadamente clara no ano 2018 e no 2019 de que, onde está o Polígono actual non se pode ampliar" e apostou como futuro emprazamento para desenvolver o solo industrial dunha forma máis rápida, o lugar escolmado pola Administración municipal é preto ao Campo de Fútbol Municipal, onde se está a facer unha das entradas e saídas da futura autovía A-54. Prado compartiu a urxencia e necesidade de darlle máis solo empresarial a Melide e manifestou que dende o Concello están traballando para que se faga realidade canto antes.

Ademais, nesta reunión tocáronse outros temas como a falta de traballadores para sectores como a construción ou a hostalería, así como a situación actual dos comercios nesta época do ano.

ENTREVISTA DE BENVIDA A MARISA CARBALLO, ESTILISTA

“Estudamos o pelo e ofrecemos produtos totalmente personalizados”

- Como comezaches a túa andaina no sector da estética?

- Marisa Carballo: Empecei no mundo da estética porque era un ámbito que xa dende moi pequena me apaixonaba. Ao rematar oitavo de EGB fixen un ciclo de Formación Profesional de salón de peiteado en Bilbao e despois deses cinco anos estudando decidín especializarme en estética. Unha vez acabados os estudos viñen vivir a Galicia e aquí, nese intre, deixei un pouco de lado o mundo dos salóns de peiteado e formeime en Administración de Empresas, sector no que estiven traballando un tempo pero sempre coa estética como vocación e paixón. Por este motivo, decidín retomar a miña vida profesional e laboral neste salón de peiteado que foi onde comezou a miña andaina en Melide porque traballei para Fernando e sempre estiven ligada a esta vila. A decisión de abrir o meu propio negocio tamén veu un pouco dada porque tiven unha pequena e para conciliar pensei que me sería máis sinxelo.

- De experiencia no ámbito da estética podemos afirmar que vas sobrada.

- M.C: Pois mira con dicirche que levo 18 anos traballando no sector da estética xa cho digo todo.

- Dentro de todo o que abrangue un salón de peiteado que é o que máis che gusta?

- M.C: Gústame moito a cor e o corte, é o que máis me apaixona. Cando unha clienta me di: búscame unha cousa que me favoreza encántame porque a creatividade é o que me marca. O que procuro cando se dan estas situacións é crear dentro do estilo da persoa o que ela busca e lle quede ben para que chegue a casa satisfeita co traballo realizado pola miña parte.

Marisa Carballo, estilista emprendedora na rúa Otero Pedrayo. / Foto: M.C

- A clientela deixase aconsellar?

- M.C: Hai de todo pero normalmente si se deixan aconsellar. A maioría das persoas acoden ao salón de peiteado cunha idea do que lles gustaría facer pero claro ti despois veslle as fraccións da cara, a forma e o estilo polo que como profesional coméntaslle o que lle vai favorecer e o que non.

- Por que decidiches emprender?

- M.C: Porque necesitaba un cambio na miña vida. Como che dixen, sempre estiven arraigada a Melide por amizades polo que decidín volver a onde eu me sentía ben.

- Desta fase de emprendemento que é o máis complicado?

- M.C: O máis complexo é empezar porque a xente non te coñece a ti nin o teu traballo, é certo que agora coas redes sociais é un pouco máis sinxelo porque podes amosar os teus peiteados e maquillaxes a través deste escaparate virtual é chegar a máis xente pero aínda así, os principios son difíciles. Ata que a clientela che dea a oportunidade de amosarlles en persoa o teu traballo é algo complexo.

- O Nadal xa está á volta da esquina polo que toca ir pensando nos peiteados e maquillaxes para eses días especiais.

- M.C: Este é o ano do cambio, necesitámolo. A poboación está cansa da pandemia, foron uns anos moi duros e necesitamos recuperar a ilusión que aínda nos falta. Precisamos volver ter ganas de poñernos guapas en fin de ano, mercar un vestido, pedir cita no salón de peiteado,... Botamos moito de menos a vida previa á pandemia.

- Hai certa sensación que dende o confinamento a xente se preocupa máis por coidar o noso exterior?

- M.C: Pois tanto hai xente que se involucrou moito no seu coidado persoal como outra que se deixou por completo. Un exemplo desto último son as persoas que antes do confinamento se tinguían todos os meses nos salóns de peiteado e dende a pandemia deixaron canas. De todos xeitos, o importante creo que é mirarse ao espello e verse e sentirse ben cun mesmo, gustarse.

- Que gama de servizos ofrece Marisa Carballo Estilista?

- M.C: Dende color e corte, alisados franceses e brasileiros, presoterapia, láser ata tatuaxes porque traballo cunha tatuadora especializada que se acerca ata o local para tatuar a todas as persoas que pidan cita. A maiores, tamén fago unllas, diversos tratamentos para o cabelo e, unha cousa moi nova que me apaixona, que é comprender o que lle pasa o pelo. Explícome, moitas clientas veñen ao salón de peiteado nerviosas porque lles cae moito pelo e cren que é polo estrés ou o ritmo de vida que levan que obviamente tamén inflúe pero soe ter outro factor ou desencadeante a parte. O cabelo é o como a pel, en moitas ocasións, resécasenos a pel e hidratámola para resolver esa situación pois co pelo é o mesmo necesita que nós o estudemos para entender o que lle pasa e poñerlle solución. Unha vez que facemos o estudo do cabelo deseñamos e elaboramos o xampú e a máscara totalmente especializado e personalizado para esa persoa. Os produtos que facemos, con esencias puras, responden sempre a solucionar o problema de cada cliente ou clienta.

- Estes produtos imaxino que terán un custo máis elevado que os comerciais porque é algo moi especializado.

- M.C: Si, ten un custo un pouquiño superior aos que podes atopar nun supermercado pero tes a garantía de eficacia e efectividade ante o teu problema.

- Dende hai uns anos están moi de moda os xampús naturais.

- M.C: Si, son tendencias e modas que hai en determinados momentos pero volvemos ao de antes, cada pelo necesita un produto adaptado ás súas necesidades, por iso é moi importante primeiro estudar o que lle pasa ao cabelo para despois poder aportarlle o que necesita nese intre e en cada zona porque podes ter un problema concentrado só nunha zona. Moitas veces temos 20 xampús e ningún funciona para iso, o que che acaba saíndo máis caro que un personalizado.

O interior do salón de peiteado de Marisa Carballo Estilista. / Foto: M.C

ASETEM promociona o comercio local da vila cun anuncio na Televisión de Galicia

Unha imaxe da gravación do anuncio de ASETEM - CCA para a Televisión de Galicia. / Foto: Cerne

ASETEM - CCA promociona o comercio local da vila melidense cun anuncio na Televisión de Galicia, emitido entre o 24 de outubro e o 11 de novembro.

Este proxecto audiovisual, cofinanciado pola Xunta de Galicia, conta coa participación da imaxe da entidade asociativa, Tania Veiras e varios comercios do municipio.

O anuncio incide na idea de impulsar as vendas nos establecementos locais e animar á veciñanza a mercar nas tendas melidenses porque compra en Melide supón que o pobo medre.

A maiores, nesta peza audiovisual apréciase a gran variedade de produtos, artigos e servizos que se ofrecen nos diferentes negocios de proximidade.

As horas escolmadas para reproducir este anuncio foron as 13:45 e as 21:45 horas nas desconexións de Lugo e Santiago da Televisión de Galicia, para poder chegar así ao público obxectivo do comercio de Melide, dado que moita veciñanza das localidades e cidades máis próximas veñen mercar ao noso comercio con asiduidade.

Os 'Días Azuis' repartirán un total de 12.000 euros en premios

A tenda de Colorín Colorado cos carteis dos Días Azuis. / Foto: Cerne

A campaña 'Días Azuis' da Federación Galega de Comercio e a Xunta de Galicia repartirá 12.000 euros en premios, repartidos en tarxetas prepago de 250 e 150 euros. Esta iniciativa estará activa ata o vindeiro domingo 20 deste mes.

Para participar nos 'Días Azuis' é moi sinxelo, a clientela ten que rexistrar a súa compra nun dos establecementos de proximidade na páxina web, diasazuis.com, podendo rexistrala tamén o ou a comerciante para ter o dobre de oportunidades, e por último gardar o tícket por se fora a persoa gañadora do sorteo.

En Melide todos os comercios locais están adheridos a esta campaña polo que pódense rexistrar todos os tíckets na páxina web.

A iniciativa 'Mercar no teu comercio ten premio' repartirá 1.000 euros en Melide

Un conxunto de traballadores dunha pequena empresa. / Foto: F.C.Coruña

A iniciativa da Federación Galega de Comercio en colaboración coa Federación da Coruña e as asociacións de comerciantes, neste caso con ASETEM Centro Comercial Aberto, 'Mercar no teu comercio ten premio' repartirá 1.000 euros en Melide, divididos en tarxetas prepago de 50 e 30 euros para gastar nos establecementos de proximidade.

Esta campaña chega ao comercio local da vila o vindeiro mércores 16 e estenderase ata o día 23. Durante esta semana a clientela que faga unha compra cun importe igual ou superior a 10 euros poderá participar no sorteo das tarxetas prepago, para iso só ten que conservar o tícket do comercio e o mércores 23 entregalo no Cantón de San Roque de 10:00 a 13:00 horas, onde se celebrará tamén o sorteo.

Nunha carpa, situada no centro de Melide, durante a mañá do mércores 23 intercambiaranlle á clientela todos os tíckets dos establecementos locais por un boleto para o sorteo, que será ese día en directo ás 13:00 horas. Neste acto estarán presentes varios representantes das entidades organizadoras, entre eles un membro da directiva de ASETEM - CCA e Miguel Agromayor e Carmen No Varela, presidente e vicepresidenta da Federación de Comercio da Coruña. As persoas gañadoras desta iniciativa poderán gastar as tarxetas prepago de 50 e 30 euros en calquera tenda local de Melide.

'Mercar no teu comercio ten premio' é un proxecto posto en marcha en 10 localidades da provincia da Coruña que busca dinamizar o comercio de proximidade e incentivar o consumo neste período do ano, tradicionalmente, de menor vendas para as pequenas tendas.

Dende a Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide animan á clientela a participar nesta iniciativa, dado que é un proxecto que beneficia tanto a usuarios e usuarias como aos establecementos de proximidade. 'Mercar no teu comercio ten premio' repercutirá nos locais melidenses con mínimo 1.000 euros -contía do premio-, a maiores do que gaste a clientela, un empuxón para os negocios do municipio xusto antes de comezar a campaña de Nadal. Unha nova oportunidade para premiar a clientela do comercio local de Melide por mercar nas pequenas tendas da vila.

Esgótanse os bonos activa comercio e os bonos cultura para gastar nos establecementos locais

O escaparate de Pasarela onde se poden gastar os bonos. / Foto de arquivo

Os bonos activa comercio e os bonos cultura para gastar nos establecementos de proximidade esgótanse, no primeiro caso aos tres días de emitirse e no segundo ás poucas horas.

A cidadanía respondeu de xeito moi positivo a esta segunda edición destes descontos comerciais, financiados pola Xunta de Galicia, para usar nos comercios locais antes do próximo 31 de decembro.

No que respecta aos bonos cultura houbo críticas por parte de ususarios e usuarias que sorprendidos na mañá do 2 de novembro, día no que saían estes descontos, se atoparon con que xa estaban esgotados porque se empezaron a emitir a partir das doce da noite sen ningún tipo de aviso previo.

Na outra cara da moeda están os reponsables dos establecementos que esperan que a veciñanza se anime a gastalos no comercio melidense, na vila pódense usar estes bonos activa comercio en: Leiva Motosport, Centro de Estética Meixela, Mis Mejores Labores, Colorín Colorado, Óptica Tábora, Xoiería Oro Ley, Romero Zapaterías, Óptica Alain Afflelou, Flor de Toxo benestar, Toysmaniatc, Xoiería Roval, Mobles Ares, Pequeniños Zapatería, Grupo Noguerol, Pasarela Moda, Perfumería Lyss, Diva Pro, Melimática, Xoiería Silvela, Goalkers Melide, Mercería Isabel, Librería Victorio (onde tamén se poden gastar os bonos cultura), Sueños Moda Infantil, Calzados Broz e Óptica Melide.

As persoas con estes bonos da Xunta poden gastalos en calquera destes comercios para beneficiarse de descontos de ata 30 euros, ou 50 no de cultura.

En outubro baixa o paro na comarca da Terra de Melide en dez persoas

A Oficina de Emprego situada en Melide. / Foto de arquivo

No mes de outubro os datos do paro dan boas novas na comarca da Terra de Melide que baixa en dez persoas.

Se separamos as cifras por concellos en Melide hai catro desempregados menos, na localidade de Santiso son un, en Sobrado seis; neste caso a excepción márcaa Toques cun desempregado máis. En total hai 458 parados na comarca.

Esta tendencia á baixa do número de desempregados non a atopamos noutras comarcas limítrofes como a de Arzúa, onde no mes de outubro contaron con vinte e nove parados máis ou en concellos próximos como o de Palas de Rei no que a cifra incrementouse en dezanove persoas. Estes datos prodúcense oito meses despois da reforma laboral.

Sandra Aldrey e Rocío Barreiro de Borboriño Xeados e Zafiro Tours gañan os premios Mulleres con Luz

Sandra Aldrey e Rocío Barreiro, responsables de Borboriño Xeados e Zafiro Tours co premio. / Foto: Asociación Alecrín

As emprendedoras Sandra Aldrey, de Borboriño Xeados, e Rocío Barreiro, de Zafiro Tours, gañan os premios Mulleres con Luz entregados pola Asociación de Mulleres Rurais da Comarca de Melide Alecrín no Día da Muller Rural.

Esta foi a primeira edición dos premios Mulleres con Luz, dirixido a emprendedoras no medio rural como é o caso destas dúas mulleres que apostaron por Melide para poñer os seus establecementos. No caso de Sandra Aldrey rexenta Borboriño Xeados, unha empresa familiar na que se elaboran xeados artesanais, un negocio con preocupación e responsable coa sostibilidade e o coidado do noso entorno. Por outro lado, Rocío Barreiro está a fronte da axencia de viaxes Zafiro Tours da vila onde presta servizo a todas as persoas interesadas en realizar unha viaxe de en soño a calquera parte do mundo.

O mérito destas dúas mulleres emprendendoras reside tamén no seu traballo durante a pandemia, especialmente, no caso de Rocío Barreiro dado que o sector do seu traballo foi un dos máis afectados polas restricións derivadas da pandemia, dado que non se podía viaxar. Montar e manter unha pequena empresa nunha vila rural, como é o caso de Melide, non é sinxelo pero o traballo ben feito acaba tendo recoñecemento como é con este premio da Asociación de Mulleres Rurais Alecrín.

Actualmente, tanto Borboriño Xeados como Zafiro Tours Melide son dous negocios con nome propio na comarca e que contan cunha clientela fiel da zona. Dende a directiva de Asetem trasladan os seus parabéns a Sandra e Rocío.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Calzados Broz estrea nova tenda en pleno casco antigo do municipio

A nova tenda de Calzados Broz, situada na Rúa do Convento en pleno casco vello da vila. / Foto: Calzados Broz

Unha das tendas de zapatos máis arraigadas en Melide, Calzados Broz, estrea novo local en pleno casco antigo do municipio, na Rúa do Convento, 20. Un comercio que substitúe a súa tradicional tenda situada na Rúa Camiño Ovedo. Non obstante, Calzados Broz continúa contando co establecemento da Ronda da Coruña.

Este novo espazo conta cunha decoración moderna, en tons claros e con madeira o que axuda a transmitir tranquilidade e comodidade. Nesta tenda Calzados Broz expón todo tipo de modelos de zapatos que ten á disposición da clientela.

Pulpería Ezequiel recibe o premio gastronómico o Prato de Ouro

Un grupo de peregrino na entrada de Pulpería Ezequiel. / Foto de arquivo

A Pulpería Ezequiel recibiu este luns o premio o Prato de Ouro outorgado pola emisora radiofónica Radio Turismo, en colaboración coa Federación de Autónomos de Galicia, que galardoa a quince restaurantes galegos e asturianos.

A gala de entrega de premios celebrouse este luns ás oito da tarde no Gran Hotel Los Abetos en Santiago de Compostela, onde os responsables dos establecementos premiados recibiron o seu galardón. Ademais de Pulpería Ezequiel, tamén foron premiados: A Horta do Obradoiro, Orixe e Bendita Elisa de Santiago; Artesa da Moza Crecha de Betanzos; A Xouba en Lira; e Casa Taboada no concello de Touro.

Este galardón é unha boa mostra da calidade gastronómica do noso municipio.

ANÚNCIATE EN VERBENA FM A EMISORA DE MODA

Grazas ao convenio asinado entre ASETEM - CCA e Verbena FM se es un comercio asociado podes aproveitarte das tarifas especiais, a prezos irresistibles, para anunciarte na emisora máis festeira

Os prezos inclúen a creación do anuncio de xeito personalizado

Ti escolles o número de repeticións da publicidade

Dalle a máxima visibilidade ao teu negocio coa publicidade en Verbena FM!!

Para máis información:
981 50 61 88
698 13 23 24
Oficinas de ASETEM (Rúa Lino Sexto - Melide)

VERBENA FM
LA RADIO OFICIAL DE LAS VERBENAS
WWW.VERBENAFM.COM

ENTREVISTA A CRISTINA MAGNIN

“Esta temporada de outono - inverno a roupa vén con moitos abalorios, brillos e cores moi rechamantes”

- Para a xente que aínda non coñeza a túa tenda, como a describirías?

- Cristina Magnin: É unha tenda para muller, especialmente actual porque teño poucas cousas clásicas. Neste comercio intentamos destacar por ter prendas diferentes e atrevidas.

- Con estilo propio?

- C.M: O estilo dao a persoa porque a roupa sen a persoa dentro non hai nada. Nós, é o que che digo, intentamos que sexan prendas diferentes, rechamantes e que non as vexas a miúdo. Ademais, temos tallas para todo o mundo, dende a 34 á 50 ou 54 nalgunhas cousas, é certo que hai marcas como GUESS ou Lola Casademunt que non fabrican para tanta variedade de tallas pero teño casas que si o fan.

- Por que decidiches orientar o negocio cara a moda feminina?

- C.M: Antes de abrir esta tenda, eu traballei noutro comercio moitos anos e é algo que me gusta e víame capacitada de poder facelo polo que decidín emprender. Obviamente, cando montei o negocio eu xa era maior e non é o mesmo abrir unha tenda con 30 anos que con 50 pero como digo sempre, o que non arrisca non gaña nin perde, non sucede nada.

- Que vén para esta nova tempada de outono e inverno?

- C.M: Cores moi rechamantes como o verde pistacho, fucsia e violeta ata prendas con moitos abalorios e brillo. Isto amosa que a moda feminina cambiou nos últimos anos porque antes o brillo estaba moi asociado á noite ou ao Nadal, de feito este verán que xa había moito brillo nas prendas as clientas preguntábanme como a roupa viña con tanto brillante se aínda non estabamos en Nadal pero é que agora úsase para todo e para empregar a diario, sen necesidade de que sexa unha ocasión especial.

O interior da tenda Magnin na que se pode ver unha ampla variedade de prendas de roupa moi coloridas. / Foto: Magnin

- Por que cres que mudou tanto a moda nestes últimos anos?

- C.M: Penso que é porque cada vez somos máis atrevidos e atrevidas, gústanos innovar e descatar, non pasar desapercibidos. Para ser igual que outros hai xa tantos, é máis eu sempre lles dicía as miñas fillas cando eran pequenas e me dicían que un facía unha cousa e explicáballes que o bonito non é ser como os demais é ser diferente. É certo que isto está mal visto porque incúlcannos que temos que pertencer ás grandes masas senón eres rara, porén igual ser rara é bonito.

- Cal é a acollida por parte da clientela?

- C.M: A xente anímase moito a probar cousas novas e eu anímoas moito tamén porque, ás veces, o que cres que non che vai quedar ben ou non che gusta despois, unha vez posto, encántache e ao revés. Intento sempre que as clientas proben todo e se é unha persoa de confianza e ten présa, deixolle levalo á casa para que o probe con calma e senón lle gusta non pasa nada. Isto é a vantaxe de mercar nunha pequena tenda o trato de proximidade e de confianza, con algúns clientes ata fas amizade. A min gústame moito o meu traballo e creo que iso a xente cando vén mercar o nota porque, por exemplo, esta mañá tiven só catro persoas pero quedou a tenda con se foran moitas máis porque eu quito e poño de onde faga falta para que a clienta probe todo e escolla o que máis lle guste e mellor lle sente. Todo este traballo non o fago para que o merque si ou si, senón para que o vexan e despois decidan se o queren levar ou non. As persoas valoran moito estes xestos e anímaos a volver unha vez máis.

- A clientela déixase aconsellar?

- C.M: A maioría, o 90% déixaselle aconsellar e incluso cho pide. É moi poucа a xente que non require dos teus consellos, ti tes que deixarlle o seu espazo pero ao mesmo tempo estar aí para apoiar no caso de necesitalo. Sóbranme os dedos da man para contar as persoas que recorren elas soas a tenda, proban e compran porque a maioría prefire que lles ensines ti. Creo que a xente que prefire non deixarse aconsellar é porque pensa que a dependenta lle vai a meter unha prenda á forza ou a vas aconsellar mal pero isto ao comerciante non lle sirve de nada. Se ti lle dis a unha persoa que lle queda ben algo sendo mentira non vai volver, tes que ser sincera con elas porque esa é a maneira de que queiran volver. Outra cousa é que hai gustos para todo e a ti gustarche moito algo e a outra persoa nada porque tamén hai diferentes estilos e preferencias de cada un. É mellor non vender un día e non meterlle unha prenda a alguén sen que lle quede ben ou non sexa dúas tallas máis grandes do que precisa. Isto é pan para hoxe e fame para mañá, non funciona en absoluto.

Un dos escaparates da tenda coa nova colección. / Foto: Magnin

Nove intelixencias, unha felicidade

Toda a vida se leva sabendo quen son as persoas intelixentes e quen non o son tanto. A xente de certa idade, que non tivo as oportunidades que hoxe hai para botar moitos anos de escola, adoitan referirse á xente intelixente da súa quinta coa mágoa de que non puidese ter estudado, porque daquelas tería "chegado a algo". Aínda hoxe, con todo o que se sabe do desenvolvemento neurolóxico, das riquezas do cerebro que van máis aló de saber cousas, séguese cualificando á xente intelixente en función dos méritos que acada: cando son nenos, chamamos intelixentes aos que sacan as mellores notas na escola; cando entran no ámbito laboral os intelixentes son os que saben chegar a postos de responsabilidade, os que cobran as nóminas máis altas e teñen xente ao seu cargo. Mais non sempre é así.

Nestes días vin un gráfico que falaba das nove intelixencias, en relación aos beneficios de integralas para constituír grupos de traballo. Coller algo de cada unha delas, diversificar cualidades. A cousa ten filón, e non debería tomarse coma unha modernidade, senón como unha amplitude de miras para valorar certas capacidades e habilidades que non teñen que ver coas medidas típicas coas que sempre valorou a intelixencia. Un exemplo: unha persoa de grande éxito académico e/ou laboral pode ter serias dificultades para establecer relacións sociais, ou para desenvolver en público as súas ideas. ¿É máis intelixente o alto executivo que ten un coeficiente alto -porque así saíu o resultado dun test que lle fixeron, xa cando era pequeno-, ou o que nunca superou os estudos básicos e vive felizmente escollendo cada día as prioridades e as relacións sociais que han marcar a súa vida?

Pode ter bastante que ver o capaces que somos de combinar distintas intelixencias co grao de felicidade que acadamos. Porque ao final, o que todo o mundo quere, por uns camiños ou por outros, é ser feliz.

Lamentablemente -ou por sorte, quen sabe- non existe un termómetro que mida a felicidade persoal, pero de existir tería que ter no seu mercurio unhas gotiñas de cada unha destas nove intelixencias, porque hai tantas formas de entender a felicidade como persoas capaces de sentila. Incluso a persoa con tendencia á tristura e á soidade recoñécese nese estado máis feliz ca chea de balbordo, compaña e ruído. Hai para quen a felicidade é a necesidade de socializar, viaxar, coñecer, interactuar, etc; e para quen o simple devagar dos días tranquilos é o summum do benestar. E ata para iso, para ser capaces de ter a cabeza tranquila co que temos, e co que somos, é necesario ter unha intelixencia desas que non se recolle en ningún test.

Ser capaces de xestionar as emocións, escoller -con intelixencia emocional- as persoas das que nos rodeamos, saber priorizar os momentos e as vivencias que nos son positivas e facer que non nos firan demasiado as negativas. Para iso non hai escola, carreira universitaria nin máster que nos forme. Nin números que poñan nota á nosa intelixencia. Felizmente.

Vanesa de Quinzán

ESTE MES *LATEXO LOGOPEDIA* CÓNTACHE..."

A LOGOPEDIA NA DISFEMIA (TARTAMUDEZ)

Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

latexo logopedia
Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide
Teléfono: 642 007 210

"Logopedia en disfemia". "Tartamudo", "tatexo", "este trábase", etc., son frases que temos escoitado cando algunha persoa presenta unha alteración na fluidez da fala. Disfemia, ou tartamudez persistente do desenvolvemento é o termo técnico usado en logopedia para este trastorno da fluidez. En contra do que moitas persoas pensan, non ten causa psicolóxica, senón que se trata dun trastorno de orixe neuro- motora.

A persoa percibirá unha serie de tensións na musculatura implicada na fonación que fará que se vexa a afectada a fluencia da fala, presentando no seu discurso unha serie de repeticións, prolongacións e bloqueos (comportamentos primarios) derivados desas tensións. Pouco a pouco, estas disfluencias presentarán comportamentos secundarios asociados, como tics, movementos de estruturas orofaciais e/ou do corpo, como forma de reacción motora a esas disfluencias primarias. A nivel verbal a persoa fará substitución de palabras, uso de onomatopeas ou circunloquios e a nivel emocional poderá xerar sentimentos de frustración ou tristeza, evitación de situacións comunicativas ou baixa autoestima. Estes comportamentos secundarios, sobre todo os de tipo emocional, poden condicionar a comunicación da persoa cos seus iguais. Polo tanto, isto supón que un certo comportamento ou sentimento, non será causa psicolóxica das chamadas disfluencias ou interrupcións do discurso, senón que poderá ser consecuencia das mesmas.

A prevalencia deste trastorno é de 5% en poboación infantil e 1% en idade adulta, afectando máis a homes que a mulleres (4-5:1). Pode xurdir dende os 18 meses pero é máis común que apareza entre os 2 e os 3,5 anos, podendo ter tamén un inicio tardío. A pesar de que non se coñece a causa das disfluencias, hai aspectos que poden condicionar a aparición das mesmas. Tales factores están relacionados coa compoñente xenética e de xénero, a idade de inicio das disfluencias, o desenvolvemento lingüístico da persoa, a tipoloxía das disfluencias e nalgúns casos, fálase de factores ambientais; aínda que non é un aspecto condicionante para a presenza das disfluencias, si pode supoñer unha condición para a severidade das mesmas e maior probabilidade de presentación.

A logopedia será a disciplina que avaliará e intervirá sobre estas alteracións e a atención temperá será fundamental para o éxito da terapia. Cunha intervención temperá, tanto indirecta (información e modificación de hábitos de conversa) como directa (patrón de fala, velocidade, contacto visual) haberá unha maior probabilidade de que desaparezan totalmente as repeticións, prolongacións e bloqueos. Así poderán evitarse ou reducirse os comportamentos secundarios, que condicionarán en moitos casos a comunicación da persoa e o seu autoconcepto.

Se a intervención se realiza en adolescentes/ persoas adultas deberanse controlar os comportamentos secundarios xa instaurados e se fora preciso, facer un tratamento combinado con psicoloxía en casos de alta ansiedade social, por exemplo; tendo en conta que estes aspectos non serán a causa senón a consecuencia da falta de control e aceptación das disfluencias. Os obxectivos principais serán aceptar ditas disfluencias e facer un adestramento para modificar o seu patrón de fala para que poida reducilas.

O Concello lanza unha campaña para impulsar o galego no sector funerario

Responsables de empresas do sector funerario, membros do Concello e párrocos na presentación do proxecto. / Foto: C.M

O Concello de Melide lanza unha campaña de normalización lingüística, 'Melide agora e sempre', en colaboración coa Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, para impulsar o uso da lingua galega no sector funerario: dende os actos fúnebres ás necrolóxicas, pasando polas derradeiras vontades ou as placas mortuorias. A finalidade desta iniciativa é que o galego teña unha presenza neste ámbito coherente co uso maioritario que a veciñanza da vila fai decote da propia lingua de Galicia.

Dentro deste proxecto, a Administración municipal asinou un documento coa Funeraria El Mueble, Funeraría Vizcaíno, Floristería Maru, Floristería Tarrio, Esther e Cris Conde Floristas, Marmolería Melide e Marmolería Caenva para promover os servizos en galego por parte destes negocios. Neste acordo recóllese que estes establecementos se comprometen a ofrecer os seus servizos en galego, incluíndo notas necrolóxicas, fitas de flores, documentación ou lápidas.

Outra liña de acción desta campaña é a colocación, por parte do Concello, de placas conmemorativas na entrada dos cemiterios locais (o Castelo e Furelos) que rezarán: "Na memoria de todas as persoas que aquí xacen, porque grazas a elas Galicia segue a ter cultura e lingua de seu". Con este xesto trátase de homenaxear así o legado lingüístico dos devanceiros. Dentro da mesma acción dinamizadora, terá lugar unha declaración institucional do Día da Restauración Lingüística.

A maiores, o Concello promoverá entre a veciñanza a posibilidade de testar en galego.

Por último, esta iniciativa busca sensibilizar sobre o uso da lingua galega na liturxia dos enterros. A Administración municipal entende que a veciñanza ten dereito á presenza do galego dentro da relixión.

O Campo de Fútbol municipal contará cun céspede sintético de última xeración

As instalacións do Campo de Fútbol municipal de Melide antes do cambio de céspede. / Foto de arquivo

O Concello de Melide vén de aprobar a licitación das obras de mellora das instalacións e infraestruturas deportivas coa substitución do céspede do campo de fútbol municipal. Este proxecto anunciouno a Administración local pouco despois de que finalizaran as obras de mellora dos accesos ás instalacións.

O céspede artificial co que conta na actualidade o campo de fútbol ten máis de 14 anos de antigüidade, presentando un desgaste que fai recomendable a súa substitución. A manta orixinal cambiarase por unha nova de céspede sintético de última xeración, lastrado con area de sílice e caucho. As dimensións da capa serán de 96 metros de longo por 59 de ancho, con 2 metros a maiores de bandas en laterais e fondos do campo. A superficie total estimada achégase aos 6.300 metros cadrados.

Por último, aproveitarase esta obra para levar a cabo unha limpeza do actual sistema de drenaxe co obxectivo de eliminar posibles restos de area ou caucho da canaleta perimetral e verificar así o correcto funcionamento deste servizo deportivo.

Cando remate esta intervención, o campo de fútbol municipal acollerá partidos de fútbol 11 no lado longo das instalacións e de 7 na parte curta. Dado que se marcarán dous campos deste deporte de 7 xogadores, abrirase a posibilidade de que se disputen, ao mesmo tempo, dous partidos desta modalidade deportiva.

O responsable do departamento de deportes da vila, José Prado, comentou en relación con este proxecto que "é un paso máis na mellora das instalacións deportivas que levamos acometendo todo o mandato, unha vez detectamos que as infraestruturas deportivas de Melide necesitaban unha actualización". O concelleiro explicou que "o polideportivo ou o campo de fútbol adoecía de falta de mantemento", polo que "o Goberno local puxo en marcha unha serie de actuacións que nos permiten afirmar que estes anos están a ser os da modernización do deporte local".

A maiores, José Prado fai fincapé en que "estamos moi satisfeitos das melloras realizadas grazas ao investimento continuo en todos os últimos exercicios", o edil engadiu que "remataremos o antes posible estes traballos para o desfrute de todas e todos os melidaos".

Dende a Administración municipal comunican que as obras terán unha duración estimada de catro meses e contan cunha orzamento de licitación de 191.529,59 euros, financiado polo Plan Único da Deputación da Coruña. Unha partida económica que permitirá mellorar a experiencia das persoas deportistas que empregan o Campo de Fútbol municipal.

Melide muda a iluminación en tramos da estrada da Coruña e da Avenida de Toques e Friol

A Avenida de Toques e Friol coa nova iluminación. / Foto: Concello de Melide

A Administración municipal substitúe a iluminación pública actualmente en funcionamento en tramos da Avenida de Toques e Friol e máis na estrada da Coruña, situadas no acceso á vila. A medida ten como obxecto a mellora técnica do alumeado, de baixo rendemento, a través da instalación de luminarias LED de baixo consumo.

Unha das principais melloras desta intervención será contar nas luminarias LED cun driver de regulación que permita executar dobre nivel de iluminación. Deste modo, durante as horas de noite, cando hai menos circulación de vehículos, o fluxo lumínico descenderá un 30%.

Os estudos municipais afirman que este cambio reducirá o consumo eléctrico nun 84%, mellorando a seguridade viaria na zona.

Na estrada da Coruña foron substituídas 44 luminarias mentres que na Avenida de Toques e Friol mudáronse un total de 34.

Os traballos terán un orzamento total de 14.774 euros. Parte do investimento será financiado a través dunha subvención de 23.438,40 euros concedida pola Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia.

Malestar pola tardanza do Concello en contratar profesorado do Conservatorio

O Edificio Multiusos onde se imparten as clases do Conservatorio. / Foto: arquivo

Malestar entre as nais e pais de parte do alumnado do Conservatorio de Música de Melide pola tardanza en contratar o profesorado dalgunhas das especialidades instrumentais.

A pesar de que as clases no Conservatorio comezaron a principios do mes de outubro, o alumnado de clarinete, acordeón e violonchelo non puido empezar as aulas de instrumento pola tardanza da Administración municipal en contratar o profesorado para estas especialidades o que provocou malestar nas familias afectadas.

A Xunta e o Goberno central presentan os seus presupostos para o vindeiro ano

O conselleiro de Facenda, Miguel Corgo, e o presidente, Alfonso Rueda presentando os presupostos. / Foto: Xunta de Galicia

A Xunta de Galicia e o Goberno do Estado presentaron os seus presupostos para o 2023.

No caso dos orzamentos da Administración autonómica, dende a Federación Galega de Municipios e Provincias critica estas contas porque neles sen fan "oídos xordos respecto ás necesidades dos Concellos, xa que a Fegamp leva anos reclamando un aumento do financiamento de base, necesario para que as Administracións locais poidan levar a cabo as súas competencias". Ademais, dende esta entidade manifestan que esta reivindicación conta co respaldo "de todos e cada un dos 313 concellos galegos, que así o decidiron na Asemblea Executiva", xa que "é unha obriga da Xunta garantir un axeitado financiamento das Entidades Locais".

Outro aspecto que a Fegamp lle recrimina ao executivo de Rueda é que "recoñezan as especiais dificultades que están a afrontar os concellos co incremento de custos e o aumento de demanda social pero non lle poña solución a isto no reparto do diñeiro". Ademais, por parte desta entidade valoran que a Xunta tente buscar solucións para os concellos máis pequenos pero rexeitan a fórmula dos fondos adicionais xa que se reparten sen criterios obxectivos, condicionados, que non garantan que todos aos que van dirixidos vaian recibilos.

A esta crítica súmase o PSOE municipal que afirma que no Goberno autonómico "marxinan e desprezan a Melide nos orzamentos para o 2023, dado que os 150.000 euros para o saneamento son os mesmos do 2022 que non se inverteron". Por este motivo, dende esta formación presentaron emendas no Parlamento.

Pola outra banda, dende o PP local reafirman o apoio da Xunta con Melide, xa que "mantéñense as partidas comprometidas para a canalización das augas da EDAR municipal por parte da Consellería de Medio Ambiente así como a segunda fase do saneamento de Santa María", indica Dalía García.

Con respecto aos presupostos do Goberno do Estado dende o Bloque Nacionalista Galego, o deputado Néstor Rego, presentou varias emendas rexistradas ao orzamentos do vindeiro ano nas comarcas do centro de Galiza, centradas na mellora da seguridade viaria nas estradas N-547 e N-634 e as infraestruturas ferroviarias coa vía que conecta as cidades de Santiago de Compostela e Lugo.

O BNG sinala a necesidade de mellorar a seguridade viaria na estrada N-547 a través de emendas por valor de 8 millóns de euros.De xeito específico, os nacionalistas demandan a mellora do tramo entre Arzúa e o acceso da autovía A-54.

A administración de loterías da vila dá o premio do Millón

Administración de Lotería onde se vendeu o boleto premiado. / Foto de arquivo

A sorte volve caer na localidade. A Administración de loterías e apostas do Estado número 1 de Melide, situada na rúa Progreso vendeu o boleto acertante do premio do Millón dos Euromillóns do sorteo da noite do pasado 25 de outubro, polo que esta persoa afortunada recibirá 357.879 euros.

Por parte da Administración amosan a súa ledicia por dar este premio.

O quinto contedor chega a Melide para a recollida selectiva da materia orgánica

O posto informativo sobre o quinto contedor. / Foto: Concello de Melide

O quinto contedor, de cor marrón, chega a Melide para realizar unha recollida selectiva dos residuos orgánicos de carácter doméstico xerados polos fogares da vila. Para levar isto a cabo, o Concello de Melide colocará 25 contedores marróns en diferentes zonas.

A pretensión da Administración local coa implantación destes novos recipientes é dar cumprimento aos obxectivos europeos en materia de reciclaxe, incluíndo a posta en valor de fracción orgánica dos residuos. Con esta finalidade, o pasado domingo comezou unha campaña de información, difusión e sensibilización á veciñanza co obxectivo de que a cidadanía se familiarice con este contedor marrón. No posto informativo situado no Cantón de San Roque na xornada dominical repartíronse cubos para a recollida deste residuos.

Esta iniciativa desenvólvese en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea.

30 ANOS DA ASOCIACIÓN DE MULLERES, CONSUMIDORES E USUARIOS CATASOL

“A creación desta asociación foi todo un reto para a veciñanza”

- A vosa asociación coñecida como “Amas de Casa” foi a primeira de mulleres na vila, que supuxo?

- Mari Carmen Vázquez: Foi a primeira asociación e que integrara a mulleres, para esa época era todo un avance e un reto. De feito, esta entidade nace dun grupo de mulleres que deciden crear unha asociación, algo totalmente novo no municipio o que engadiu complicacións para levalo a cabo. Nun primeiro momento ningunha delas quería poñerse ao fronte do que naquel intre era a Asociación de Mulleres Catasol pero despois de varias reunións unha muller, digamos, un pouco máis decidida chamada Manolita Morán Morán saíu elixida presidenta, acompañada doutro grupo de mulleres que conformaron o equipo directivo.

Para a veciñanza tamén foi todo un reto porque neses momentos non había ningunha actividade nin para os máis pequenos nin para os maiores, e esta asociación comezou a traballar nesa liña e a verdade foi un gran éxito porque chegaron a ter socios en practicamente todos os fogares de Melide, a entidade formaba parte do día a día da veciñanza, estaba moi arraigada.

- Como presidenta actual da asociación que repaso fas destes 30 anos?

- M.V: Cando empezaron foi algo moi novo porque as mulleres por aquel entón non estaban afeitas a viaxar nin a acudir a outro tipo de actividades. Logo, o equipo directivo daquel momento pensou moito nos fillos e fillas para que tiveran actividades ás que acudir. Organizar e poñer en marcha todo isto ten moito mérito porque non era fácil e conseguiron lanzar moitas actividades e variadas, dende un grupo de baile e música tradicional que deu lugar, máis adiante, a formación O Castelo que tivo moitos éxitos a nivel español e tamén do estranxeiro, dado que viaxaron moito por fóra de España. Neste grupo formáronse moitos nenos e nenas de Melide que hoxe xa son adultos e desta formación saíron outras moi boas que actualmente están en activo. Despois tamén había outras actividades como ballet, ximnasia ou teatro, todo tipo de clases para todos. Ao mesmo tempo, organizaban viaxes para os socios e socias, na noite de San Xoán empezou a facerse unha especie de velada especial con cacharela e música para desfrutar desa noite máxima, tamén se fai unha cea de confraternidade anual para vernos todos os asociados no mes de outubro e dar comezo ao novo curso de actividades. Esta cea contribúe a que a directiva poida coñecer a todos os socios e socias porque claro, agora temos un local pero non estamos todas as da directiva todos os días entón, moitas veces, ata esta cea non lle poñemos cara a algún membro. Outro ámbito no que esta asociación foi pioneira é na actividade de “‘con bolillos” que tivo un éxito rotundo dende os seus comezos porque sempre tivo gran afluencia. De feito, todos os anos poñemos no Museo da Terra de Melide unha exposición dos traballos que se realizan nas actividades de labores. Hai moitas crianzas de Melide que aprenderon diferentes labores na asociación.

Mari Carmen Vázquez, presidenta da asociación Catasol. / Foto: Cerne

Os socios e socias desfrutando da cea anual desta asociación. / Foto: A.Catasol

Outra iniciativa creada por estas mulleres foi unha compañía de teatro dentro da asociación da que formaban parte varios socios e socias de diferentes idades polo que tiña un encanto engadido. Tamén había clases de mecanografía e informática para nenos e nenas.

Por outra banda, organízanse viaxes culturais e de lecer, o que para aquel momento era algo moi novo porque antes non había as facilidades que hai hoxe en día para viaxar, especialmente as mulleres que apenas saían da vila polo que supuxo unha maneira de empoderar ás mulleres.

- Levas dez anos ao fronte da Asociación de mulleres, consumidores e usuarios Catasol, que dirías que é o mellor de formar parte dela.

- M.V: Pois logo de que a anterior presidenta tivera que deixalo por motivos familiares decidiron escollerme a min como presidenta e iso sempre custa un pouco porque te ves collendo o relevo dunha persoa cunha traxectoria tan importante e longa. Por este motivo para min era un reto moi grande e dunha responsabilidade enorme. É certo que no meu caso tiven unha gran vantaxe, dado que cambiou a presidencia pero o resto da directiva seguiu sendo a mesma polo que me aportaron a súa experiencia e coñecementos, axúdanme moito. Teño moito aínda que aprender das mulleres da directiva, para unha persoa soa sería imposible facer todo o que se fai na asociación por iso é tan importante conta cun bo equipo de traballo e con boa harmonía entre nós.

- Cales son os vosos obxectivos actuais?

- M.V: Temos que pensar que dende a chegada da pandemia, actualmente non podemos marcarnos obxectivos a longo prazo hai que irse adaptando día a día case. Intentamos traballar ligadas á actualidade porque dende a asociación organizamos charlas ou coloquios onde se responden a necesidades ou dúbidas que xorden das situacións actuais. Por exemplo, cando apareceu o tema do COVID deuse unha charla sobre o tema. Dende a nosa entidade queremos seguir traballando para ofrecer actividades aos nosos socios e socias.

- Tivestes unha exposición moi especial no Museo, na que amosastes os traxes tradicionais do grupo O Castelo do que falabamos antes.

- M.V: Si, está ata hoxe 10 de novembro. Esta exposición era moi especial porque todos os traxes foron feitos polas varias socias para os nenos e nenas que formaban este grupo. Isto era un gran traballo porque hai traxes para diferentes actuacións, uns de gala outros de acotío e facer todo isto levaba moitas horas de traballo e todas as socias o facían de maneira totalmente desinteresada.

descárgaa gratis!

CONCELLO DE MELIDE

Download on the App Store

Get it on Google play

CONCELLO DE MELIDE

XUNTA DE GALICIA

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste no rural

agader AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL

Xacobeo 2021

galicia o bo camiño

CARNICERIA Cardelle

Carnicería Cardelle

Florentino López Cuevillas, nº14,
15800 - Melide (A Coruña)

*Producimos a carne da mellor calidade e ofrecémola aos mellores prezos.

*Adaptamos o pedido ao teu gusto;con canais enteiras, metades, cuartos e lotes.

* Envasamos ao vacío os teus productos da matanza.

Ponte en contacto e síguenos nas nosas redes sociais:

677881910 @carniceria_cardelle Carnicería Cardelle

Cafetería y Pastelería

Estilo

C/ Progreso, 6

Tfno.: 981 505 153 MELIDE

Casa Juanito

Especialidad en:

Legumbres

Vinos

Licores

Pimentón

Bacalao

Gran surtido en cestas de navidad y baúles

Regalos navideños con productos conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno e Fax: 981 50 51 03

Gran éxito do décimo Cross de Santiso con máis de 400 participantes e coa boa acollida da veciñanza do concello

Saída da carreira absoluta do décimo Cross de Santiso. / Foto: Cross de Santiso e Ivancho López Sports Photo

Non cabe lugar a dúbidas que o décimo Cross de Santiso foi un gran éxito, tanto pola participación de máis de 400 corredores e corredoras como pola boa acollida da veciñanza deste concello da comarca da Terra de Melide.

Para entender mellor o éxito deste evento deportivo dende o Concello de Santiso trasládannos unha reflexión do que supuxo organizar esta carreira: "Que contar do Cross... foi un éxito en tódolos sentidos. Cando empezamos cos primeiros pasos da organización todo eran dúbidas, se seriamos capaces de estar a altura, se habería suficientes inscritos, se á veciñanza lle ía gustar, etc. Finalmente, cada unha das cousas que acabo de mencionar superaron as mellores expectativas. Que na primeira edición, despois do parón, academos máis de 400 participantes foi todo un logro, e o que máis nos anima a seguir é que máis de 80 dos 400 corredores e corredoras inscritas eran veciños de Santiso".

"O día da proba, desde as oito da mañá estivemos pendentes do ceo. Preparamos o percorrido, no cal tivemos que facer parte do traballo dúas veces, xa que o vento levounos as cintas que marcaban o itinerario, preparamos un plan B por se chegara a facer falta, etc. Dez minutos antes da primeira carreira dos máis cativos botouse a chover a mares e con vento incluído. Momento de apuro, dado que houbo que activar o plan B previsto -menos mal que tiñamos un plan B- xa que para as nenas e nenos era imposible facer as carreiras fóra. Pouco a pouco foi parando de chover e a pesar de que as categorías intermedias correron baixo a choiva, a proba absoluta puido realizarse de principio a fin sen a presenza de auga. E no que ao público se refire, a pesar de que a climatoloxía non acompañou, desde as tres da tarde o campo da festa de Visantoña foi un ir e vir de xente que se animaron a facer a andaina. Unha vez rematadas as carreiras houbo un fin de festa con polbo, churrasco, música e amigos".



Tchin Tchin
(((Audio)))

"PARA TU TRANQUILIDAD
TU 2ª PAREJA DE AUDÍFONOS
por 1€ más*"

Alain Afflelou

Y PÁGALOS HASTA EN 4 AÑOS
SIN INTERESES NI COMISIONES (0%TAE**)

*Oferta válida del 1/3/2022 al 31/12/2022. **Oferta válida del 1/1/2022 al 31/12/2022.
Ambas en todos los centros de audiología ALAIN AFFLELOU.
Ver condiciones en el centro de audiologia o en audiologia.afflelou.es

C/ RONDA DE CORUÑA, 16
MELIDE (E-15-0012058) - 981 50 60 97

ALAIN AFFLELOU
Óptico y Audiólogo

A ANPA A Xuntanza organiza no CEIP Arcediago charlas sobre ciberdelitos e educar igualdade para as familias con crianzas

Alumnado do CEIP de Arcediago nunha actividade deste programa a prol da igualdade. / Foto: ANPA A Xuntanza

A Asociación de Pais e Nais A Xuntanza do CEIP de Arcediago organiza charlas para as familias con crianzas sobre ciberdelitos e educar en igualdade o vindeiro xoves 1 de decembro na escola de Santiso ás 15:30 horas.

Esta iniciativa está dentro do proxecto 'Aposta pola Igualdade', subvencionado pola Secretaría Xeral de Igualdade, e a través do cal o alumnado está realizando diferentes actividades para a promoción da igualdade.

Na charla para pais e nais a entrada e libre e está aberta a todo tipo de público, aínda que está especialmente dirixida as familias do centro educativo. Nestas conversas abordarase: por unha banda, os ciberdelitos con perspectiva de xénero que será guiada pola Garda Civil. Nela explicarán que tipo de extorsións poden aparecer a través das novas tecnoloxías, como axudar a previr a violencia machista e técnicas para un uso axeitado de Internet. Ademais, abordarase na importancia de deixarlle claro aos nenos e nenas a protección da privacidade así como a poñer límites ao uso dos aparellos electrónicos, que cada vez usan con menor idade e máis frecuentemente.

Ao rematar, achegaranse unhas conclusións do programa 'Aposta pola Igualdade' levado a cabo no CEIP de Arcediago. Para isto, farase un pequeno resumo de todas as actividades desenvolvidas e os obxectivos acadados grazas a esta iniciativa da ANPA. A directiva ten como fin formar ás familias sobre o uso adecuado de Internet e como detectar a violencia machista.

O dolmen do Forno dos Mouros un dos mellor conservados

O dolmen Forno dos Mouros no Concello de Toques. / Foto de arquivo

O dolmen do Forno dos Mouros, no Concello de Toques, é considerado un dos mellores conservados da comunidade autónoma.

Este dolmen toquense é un dos monumentos megalíticos en mellor estado de conservación de Galicia. De feito, o Forno dos Mouros foi nomeado como Ben de Interese Cultural no ano 2011, o que amosa a importancia desta construción.

Para as persoas que aínda non coñezan este dolmen poden visitalo camiñando a través da andaina Roteiro dos Megalitos (PR-G 168), trátase dun sendeiro de 12 quilómetros que discorre polos Montes do Bocelo. Un entorno natural fermoso que merece a pena visitar.

A idade media da comarca da Terra de Melide situada nos 51,28 anos no 2021

Veciñanza da vila melidense paseando polas rúas do centro nun día chuvioso. / Foto: Cerne

A idade media da comarca da Terra de Melide sitúase nos 51,28 euros no ano 2021.

Dos catro concellos só Melide está por debaixo dos 50 anos, con 48,30 de media. No outro lado están as localidades de Sobrado coa maior cifra, dado que a idade media queda nos 56,79; no caso de Santiso é de 56,79 e, por último Toques con 55,61 anos. Estes datos, recollidos do Instituto Galego de Estatística dan conta da situación poboacional na que está inmersa a nosa comarca, na cal o ano pasado había 10 persoas con 100 anos ou máis.

“Os nosos obxectivos son promover o pádel mediante a formación, a través da Academia, e da diversión”

Terra de Melide Padel Academy é unha nova asociación deportiva que nace na nosa comarca para promover e impulsar a disciplina do pádel nesta zona, na que conta con moitos afeccionados e afeccionadas, así como impartir unhas clases para que todas as persoas interesadas en aprender a xogar poidan facelo dun xeito ameno e divertido e as que xa saben perfecionar as súas técnicas. Para coñecer todos os detalles desta nova entidade asociativa falamos con Jessica Barreiro, presidenta de Terra de Melide Padel Academy.

- Como naceu esta asociación deportiva?

- Jessica Barreiro: Pois a Asociación nace da paixón polo pádel dun grupo de amigos e amigas.

- Cales son os principais obxectivos de Terra de Melide Padel Academy?

- J.B: Promover o pádel así como outro tipo de deportes de raqueta mediante formación a través da Academia; pero tamén a través da diversión deste deporte organizando diferentes maratóns, torneos, clínics... Desta forma daremos visibilidade a este deporte que día a día está a crecer.

- Unhas das apostas fortes desta entidade deportiva é a formación, de feito xa comezaron as clases de pádel.

- J.B: Si, efectivamente. As clases son un dos nosos principais cometidos. Estas deron comezo o pasado 5 de novembro e a verdade tiveron unhra grande acollida. Das 40 prazas que ofertamos nun comezo, temos unha ocupación practicamente do 100%, e estamos a buscar monitores para intentar ampliar prazas dada a alta demanda.

Estas clases son impartidas por un profesional especializado en pádel e que se adapta a todo tipo de público e nivel.

- Ofrecedes clases soltas para pequenos grupos que queiran probar?

- J.B: Agora mesmo, como che comentaba anteriormente temos cerrados varios grupos. As clases desenvolvense en grupos de 4 persoas para un mellor rendemento por todas as partes. Aínda queda alguna praza polo que se alguén está interesada ou interesado en anotarse ou mesmo probar que se poña en contacto ca Asociación ben a través do noso correo electrónico ou a través das nosas redes sociais.

Membros da directiva da asociación nunha reunión co concelleiro de deportes. / Foto: Terra de Melide Padel Academy

- Outra nova é o Maratón Nocturno de pádel que estades a organizar, en que vai consistir esta iniciativa?

- J.B: Esta Maratón Nocturna é algo totalmente novo e que nunca se levou a cabo na contorna. Consiste en realizar un torneo de pádel continuo; é dicir dará comezo ás 20:00 horas e acabará ao mediodía do día seguinte; desta forma haberá pádel e partidos durante toda a noite. A Asociación pensa que este evento terá unha gran acollida e ademais haberá premios moi interesantes para os gañadores. Porén a data prevista, 25 e 26 de novembro, temos que modificala e probablemente deixemos a Maratón para o mes de xaneiro e así teremos máis tempo para incluir máis categorías para todos os niveis.

- É o pádel unha práctica deportiva complicada de aprender?

- J.B: O pádel é un deporte moi fácil de aprender e divertido. Despois da primeira clase saes cunha gran motivación porque ves que non é tan difícil como pensabas e seguir aprendendo é cuestión de tempo e empeño que lle adiques a este deporte. E outra cuestión moi importante é non terlle medo aos golpes de parede ou cristal.

- O pádel é un deporte que nos últimos anos non deixa de medrar, por que credes que sucede isto?

- J.B: Dende a pandemia este deporte creceu exponencialmente non só en España senón en varios países arredor de todo o mundo. O porqué deste crecemento é difícil de explicar pero supoño que chegou da man da pandemia. Nese momento o pádel tiña os seus afeccionados e afeccionadas pero era un deporte pouco practicado xa que predominaba o interese por outro tipo de deportes. En 2020 chegou a pandemia, que nos fixo parar a todos, incluso ao mundo deportivo. Os deportes de equipo tardaron en volver a normalidade mentres que os que xogaban ao pádel podían comezar a facelo moito antes. Penso que de aí veu moito do crecemento. Amais diso é un deporte que se adapta a todos os niveis e nos que a relación social de antes e despois dos seus partidos marca moito o seu crecemento.

- As persoas interesadas en formar parte da vosa asociación como pode facer?

- J.B: Moi pronto sacaremos a nosa campaña de soci@s para o próximo 2023. Teremos por unha parte os soci@s que van a formación e por outra soci@s que se queiran adherir para os torneos e clinics. Namentres, as persoas interesadas nas clases poden poñerse en contacto con nós sen ningún problema nas redes sociais ou no correo terrademelidepadelacademy@gmail.com.

- Tedes máis proxectos en mente para seguir impulsando a práctica do pádel na comarca da Terra de Melide?

- J.B: Si, na nosa cabeza temos varios proxectos en mente como torneos, clínics con xogadores profesionais que xogan no principal circuito de pádel do mundo: World Padel Tour, ligas... e moito máis.

TERRA DE MELIDE
PADEL ACADEMY

A Escola Ayude retoma as competicións deportivas con grandes resultados

Alumnado da Escola Ayude co alcalde de Ourense na competición celebrada nesta cidade. / Foto: Escola Ayude

A Escola Ayude de Santiso retoma as competicións deportivas con grandes resultados logo do descanso da época estival.

Por unha banda, esta organización deportiva acudiu ao Open do País Vasco de kickboxing. Nahum Ayude participou na proba de ring e en lowkick, a pesares de competir na final cun dos grandes Nahum conseguiu alzarse coa vitoria.

Pola outra banda, a Escola Ayude acudiu a Ourense á Copa Deputación de Loitas Olímpicas na que o equipo de alumnado en idade escolar acadou o terceiro posto na clasificación.

Uns grandes resultados para o comezo da tempada en diferentes disciplinas.

Xascariz publica o seu primeiro disco o vindeiro 3 de xaneiro

O gaiteiro Suso Ascariz tocando nun entorno natural. / Foto: Suso Ascariz

O gaiteiro e autor do libro, 'A gaita na Terra de Melide', Suso Ascariz anuncia que a súa agrupación Xascariz publica o seu primeiro disco o vindeiro 3 de xaneiro do 2023. Esta produción lanzarase nun formato diferente "cinta de casete con usb incorporado". Para as persoas máis impacientes Xascariz ofrece unha compra anticipada ata o 30 deste mes e chegara ás casas entre o 20 e 23 de decembro, sen custo de envío.

Diversas organizacións debaten sobre a necesidade da redistribución da riqueza

As persoas de diferentes organizacións convidadas ao coloquio intervindo ante o público asistente. / Foto: José Valiño

A plataforma Recortes Cero organizou en Melide un coloquio sobre as medidas de redistribución da riqueza que necesita Galiza, un debate con propostas por parte dos representantes de diferentes organizacións convidadas e con reflexións transmitidas dende o público asistente.

A esta charla acudiron: Xulio do Sindicato Labrego, 'Mini' do BNG, Xosé da Rede de Consumo Responsable O Careón, Xosé Manuel como veciño, Carlos de Recortes Cero, Antonio do Partido Galego, Xosé de Adiante Melide, José Antonio do PSOE e Juan de UCE.

Nesta xuntanza os representantes de cada organización expuxo a súa visión sobre a crise actual, os problemas que urxe solucionar e as posibles solucións a esta situación.

Unha das maiores preocupacións que comparten os convidados deste coloquio é a dependencia enerxética doutros países, así como a escaseza de recursos finitos que nos aporta o planeta. Sobre isto último fixeron moito fincapé os representantes da Rede de Consumo O Careón e o do Sindicato Labrego, o primeiro deles comentou que "esta crise veu para non marchar, marcada polos recursos finitos que se están acabando. Necesitamos políticas de soberanía alimentaria baseadas nos produtos de proximidade. O consumo podería ser un acto revolucionario. Temos que intentar vivir mellor pero con menos". Nesta liña, Xulio (SLG) manifesta a necesidade de "medidas de sostibilidade agraria e de consumo. Defendemos a soberanía alimentaria que implica que o pobo controle e produza a súa alimentación". Dende o BNG vai máis alá e afirman que "non hai solución que non pase porque o ben común colla o poder".

Por outra banda, dende UCE comentan a necesidade de redistribuír a riqueza porque xa non hai clase media, ou eres rico ou pobre. Adiante Melide sinala que nesta crise os sectores afectados son moitos porque a todos nos afectan as subas dos custes, como pode ser o prezo da electricidade. O Partido Galego maniféstase a favor dun pacto de rendas para superar esta situación de enfriamento económico. E o PSOE afirma que Europa non fixo os deberes no que respecta á dependencia enerxética.

Para rematar, nesta xuntanza houbo un debate co público sobre as súas inquedanzas e opinións como parte activa da cidadanía.

“A trixésima terceira edición da Semana da Música de Melide ten nome propio: Javier Rodríguez Pampín”

A directiva da Coral Polifónica de Melide, este ano en mans das sopranos, organizou unha das citas imprescindibles na nosa vila, a Semana da Música na súa trixésima segunda edición. Ánxela López, presidenta da formación, cóntanos todos os detalles deste evento musical.

- O mes de novembro é sinónimo da Semana da Música de Melide.

- A.L: É un evento ineludible que implica traballo musical e de organización. A responsabilidade que ten a posta en marcha da Semana da Música dá un pouquiño de medo. Porén, pola outra banda, dende que está todo programado e organizado é cando empezamos a desfrutar deste evento musical tan máxico. Este é un ano complicado para a Coral Polifónica de Melide pero confiamos en que esta situación que acabamos de pasar nos axude a saír un pouco máis airosos desta fochanca tan profunda. A trinta e dúas edición desta cita coa música convoca, unha vez máis, a todos os músicos da comarca e a resposta, coma sempre, marabillosa. Este novembro celebraremos a música con dezanove grupos e solistas para que o público desfrute. É máis, Melide é un pobo que vai a todo, podemos dicir que o mellor que ten a vila é o público e isto para os organizadores e músicos é o máis importante, que haxa xente que queira escoitarnos.

Esta Semana da Música vai estar adicada a Javier Rodríguez Pampín, pechamos con isto un capítulo da vida del na Coral Polifónica e na música en Melide que amou profundamente. A el sempre lle gustaba que neste evento houbera algo novo e por iso cando escoitaba falar dalgúns rapaces que tocan, viña a onda min e comentábame se os coñecía para propoñerlles vir actuar na Semana da Música de Melide. El era moi feliz cando os novos talentos se subían ao escenario. A Javier encantáballe facer pobo dende a música, amaba profundamente aos Garceiras, a Froito Novo e a toda a xente que dende hai trinta e dous anos están aí. Co paso do tempo fomos incorporando novos valores e actuacións como os solistas. El vivía a Semana da Música con moita ilusión e profesionalidade. Dende a Coral Polifónica traballamos para que esta cita musical tivese cada vez un prestixio maior e calidade, evolucionou moito e foi porque todos, músicos e organizadores avanzamos. Un exemplo moi claro pode ser a cartelería, os primeiros folletos era simples folios feitos case a man e agora xa temos un deseño. Javier foi moi valente, xa dende o Concello nos anos 79-80 e se convocou dende a institución a unhas voces, o que terminaría sendo a Coral Polifónica da localidade. É certo que neses intres contaba co bo facer de Don Andrés Sampayo pero el foi o que puxo a iniciativa en marcha. Coa Semana da Música pasou un pouco o mesmo, foi el o pioneiro que decidiu animarnos a organizar este gran evento da nosa música e máis de trinta anos despois, aquí estamos. Penso que a Coral Polifónica ten a obriga con Javier de lembralo nesta Semana da Música, é de xustiza. Polo tanto, podemos dicir que esta Semana da Música ten nome propio.

Cartel da XXXII Semana da Música da Terra de Melide organizada pola Coral Polifónica. / Foto: Imprenta Meligraf

- Cal vai ser a programación destas xornadas musicais tan especiais?

- A.L: A Semana da Música vaise celebrar os días: venres 18, sábado 19, domingo 20, venres 25, sábado 26 e domingo 27. Os grupos convidados son: K-7, A Bandiña de Melide, Cuarta Xusta, Suso Ascariz, A charanga: Os Amigos, Melidaos, Banda de Música de Visantoña, Coral Via Sacra, Maristela de Sobrado, Pozo Pequeno, os solistas Xoán Curros e Irene Ruíz, Froito Novo, Coral Polifónica de Santiso, Leirabuxo, Herba Grileira e a Coral Polifónica de Melide. Este ano na clausura da Semana da Música acompañaranos Herba Grileira, dende a organización intentamos que cada ano sexa unha agrupación, gaiteiro ou solista diferente. Todos os músicos e cantantes convocados para esta cita ineludible imos saír ao escenario a facer o que mellor sabemos e a entreter ao público. Un dos nosos obxectivos é que todos e todas nos sintamos incluídos nesta Semana da Música.

- Tedes unha programación moi variada.

- A.L: Iso é o mellor. Contamos con bandas, grupos de rock, corais, gaiteiros... Temos de todo. De feito, fai pouco cantamos en Cambre e o seu presidente preguntoume se seguiamos facendo a Semana da Música de Melide, e ao eu dicirlle que si respondeume: que envexa me dades! Non é fácil aguantar durante tantos anos un evento musical sen ánimo de lucro porque aquí ninguén cobra nada. Os músicos e as músicas que tocan e cantan na Semana da Música, ninguén cobra un céntimo, o que lle impón dobre valor a esta cita. A colaboración é tan grande arredor deste evento, tanto dende particulares ata institucións, que se desenvolve cunha normalidade sen gastar diñeiro que sorprende de que se siga facendo así. Contamos co noso técnico de son que ten quince anos, a nosa gran presentadora: Marisol Negro, e así moitas outras persoas e institucións como o Concello de Melide e a Deputación da Coruña que nos axudan sen dubidalo. Sentímonos moi orgullosos de toda a xente e entidades que colaboran.

- Aí reside tamén a esencia da Semana da Música, non?

- A. L: Por suposto, a solidariedade é a esencia desta cita musical. Todas estas persoas que axudan dunha ou outra maneira, todas son a Semana da Música, igual que as músicas e músicos que actúan e, por suposto, o público.

Canción do Samaín

1. Xa pasou o Samaín;
foi de medo, moito rín.
Para a todos meter medo,
eu non fun, durmín moi cedo.

2. Da fiestra colga a pantasma,
da porta una tea de araña,
os morcegos sobre a cama,
no teito una musaraña.

3. Ha, ha, ha; ho, ho, ho, ho!
Rí con sorna unha curuxa.
Non che teño medo, non,
vaite co trasno e coa bruxa.

4. Morcegos, coruxas, trasniños,
saíde esta noite meiga,
para asustar aos meniños,
país, nais e aos avoíños.

5. Detrás da Santa Compaña,
dende a noite ata o mencer,
atravesamos as leiras
de cabaciñas baleiras.

6. Fixemos colares de zonchos
para amedentrar aos monstros.
A cabaza moito pesa
enriba da miña cabeza.

7. A noite de Samaín non foi broma,
que eu non mato nin uhna araña.
O medo esa noite asoma,
quen desfará esta maraña?

8. Fuches ti! Ai, eu non fun!
Si que foi meu amiguiño.
Fuches, fuches que eu te vin,
o que me deu un sustiño.

9. Ata o ano que voltemos,
no Samaín nos veremos.
Nin me viches, nin te vin,
na noite do Samaín.

Canción escrita polo alumnado axudante da Biblioteca Escolar do CEIP de Arcediago de Santiso, de 5º e 6º curso.

María Sánchez, MERCERÍA MARVI

“Estamos nun momento no que competir con Internet é imposible para comercio local”

Mercería Marvi é unha tenda que leva resistindo durante máis de 20 anos aos diferentes contextos e situacións polas que atravesa o comercio de proximidade. Unha mercería onde María, a súa xerente, atende e aconsella á cliente para que merque os artigos máis axeitados a cada persoa. Un establecemento situado nunha das rúas do Casco Vello ao que acoden moitas veciñas e veciños de Melide e outros concellos limítrofes porque se senten cómodos e ven en Mercería Marvi un lugar onde atopan todo o que necesitan.

María Sánchez, responsable de Mercería Marvi, na súa tenda en Melide. / Foto: Cerne

- Conta con moitos anos de experiencia no sector polo que ninguén mellor ca ti para facernos unha análise da situación do comercio.

- María Sánchez: Agora mesmo un pouco complicada, non ten nada que ver con anos atrás. O panorama mudou moito porque tamén se foron sumando moitos factores que antes non había, por exemplo, todo o que supón internet para o comercio de proximidade. A rede é un dos grandes competidores dos establecementos locais contra o que é imposible loitar porque os prezos non se poden igualar. A primeira competencia potente que tiveron as pequenas tendas foron os Centros Comerciais das cidades porque era algo novo, con moitas marcas nun mesmo lugar, prezos moi bos, etc. A clientela ía a estes Centros Comerciais e mercaba un pixama por 10 euros, entón como ía despois acudir a unha mercería da vila e compralo por 20? Logo, co paso dos anos internet foise asentando e a xente empezou a mercar pola rede a uns prezos que os establecementos pequenos non poden poñer porque eu fíxome en marcas caras que teño na mercería para, por exemplo, mulleres con moito peito con diferenzas nos prezos de ao mellor 20 euros. Entón claro, que fas? Estamos nun momento no que competir con internet é imposible, saímos a diante grazas a esa clientela que prefire mercar no comercio local por decisión propia e consciente porque lle gusta o trato de proximidade e personalizado así como outras persoas que prefiren vir aquí porque saben que se as tendas lles vai ben ao poboa tamén.

- Por se acaso hai alguén que aínda non coñece Mercería Marvi, que nos ofrece?

- M. S: Dende cremalleiras, fíos, lanas e botóns que é o máis esencial en mercería a calcetíns, medias, pixamas de adulto e roupa interior para todas as tallas. A maiores, bordo babeiros ou cadros pequenos para regalar como detalle.

- Recuperáronse os niveis de vendas previos á pandemia?

- M.S: Recuperar como antes da pandemia non, mellorouse pero non cos niveis de 2019. Ademais, agora as vendas estanse freando un pouco porque a suba de prezos é tremenda, por poñerche un exemplo unhas medias que estiven marcando agora co prezo, antes custaban 5,60 e subiron ata os 6,35 euros. Dende hai uns meses, eu fago un pedido dunhas simples cremalleiras cada 15 días ou un mes e varia o prezo continuamente.

- Isto nunha situación na que os marxes son cada vez máis cativos.

- M.S: Efectivamente. Os marxes en mercería son pequenos porque tamén os prezos de moitos produtos son cativos, nun botón de 10 céntimos pouco podes sacar.

- Un dos maiores problemas para as mulleres cando acudimos a unha mercería é saber a talla do suxeitador que levamos, pódesnos dar algún truco?

- M.S: Pois mira o non saber a talla de suxeitador que usamos é un problema que ten a gran maioría das mulleres que acoden ás mercerías, xa sexa porque non se acordan ou porque dependendo das copas pode variar pero case nunca saben. De feito, hai casos nos que che din unha talla e unha copa e, ao final, acaba sendo outra talla e copa totalmente diferente. A maioría das veces non levamos o suxeitador que nos corresponde, o que sería máis axeitado. En termos de saúde é fundamental atopar un suxeitador que nos sexa cómodo e nos sente ben, por iso eu sempre recomendo que cando mercas un nunha mercería preguntes que talla e copa é para despois a próxima vez ir xa a tiro fixo. Hai mulleres ás que é moi complicado acertarlles co suxeitador adecuado porque cada peito é totalmente diferente, a min tenme pasado de estar con clientas un montón de tempo na tenda probando varios modelos e tallas e non darlle atopado o que para ela era o correcto.

- Como están sendo os domingos en Melide?

- M.S: Os domingos baixaron moito dende a pandemia. Non obstante, non creo que sexa culpa do cambio de localización dos postos dos feirantes porque cando estaban aquí pasaba o mesmo se era un domingo malo érao igual e se era bo tamén. Hai xente que se queixa moito pola nova localización do mercado pero no meu caso estou encantada. Penso que os domingos baixaron para todo e en cambio agora hai sábado moi bos que son movidos en canto a xente que se achega a mercar. Logo, moitas persoas de aldeas próximas coméntanme cando veñen comprar que prefiren vir unha pola semana por medo a que o domingo haxa moita xente e esta conduta comezou a raíz da pandemia.

- Que habería que facer para impulsar o comercio de proximidade?

- M.S: É moi complicado. Estamos nun momento no que xa facemos de todo porque sempre hai campañas ou descontos que poden ser reclamos para a clientela pero ao mesmo tempo creo que estamos cansando ou saturando un pouco á xente. Ao final, mercar nos establecementos locais é unha decisión que nace dunha mentalidade na que ves todo o positivo que ten contra facelo noutros sitios.

Mercería Marvi
Rúa do Convento, 8
15800, Melide
Tlf: 679 22 13 81

Instituto de la Sordera

CAMPAÑA SUBVENCIÓN AUDITIVA INSTITUTO DE LA SORDERA 2022



Incluye todas las pruebas necesarias para diagnosticar una pérdida auditiva, tapones de cera, perforaciones, etc.

LE CONCEDEMOS UNA SUBVENCIÓN ESPECIAL PARA LA COMPRA DE SUS AUDÍFONOS

Ahórrese hasta

Estamos tan seguros de seleccionar la mejor opción para su problema auditivo que puede probarlo en su casa con total tranquilidad durante un mes

Consúltenos por el resto de las subvenciones

No acumulable a otras ofertas o promociones

SUBVENCIÓN Gama BÁSICA 400€

SUBVENCIÓN Gama SUPERIOR 600€

En cada adaptación binaural (2 audífonos)

LE REALIZAREMOS GRATUITAMENTE UN COMPLETO ESTUDIO AUDITIVO

PRUEBE LO ÚLTIMO EN AYUDAS AUDITIVAS

Y DISFRUTE DE LA MÁXIMA CALIDAD Y DISCRECIÓN

Volver a oír bien, es una decisión que cambiará su vida

E-15-001359 Ronda da Coruña, 34 • 15800 Melide. A Coruña - Tel.: 981 50 72 87 - 648 75 47 61